



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DE METODOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO IMPACTO SOCIOECONOMICO DO CAMIÑO DE SANTIAGO A ESCALA LOCAL: APLICACIÓN O CAMIÑO PORTUGUES NO MARCO DO PROXECTO 0585_FACENDO_CAMIÑO_ 1_P COFINANCIADO NUN 75% POLO PROGRAMA INTERREG VA ESPAÑA-PORTUGAL FEDER

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia asinou o 11 de maio de 2020 coa Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal - Agrupación Europea de Cooperación Territorial (en adiante AECT) e coa Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC) un Convenio de colaboración para o desenvolvemento dunha metodoloxía específica para o estudo dos impactos do Camiño de Santiago en Galicia pola vía do Camiño Portugués e a elaboración dun informe final que materialice os traballos realizados. Esta actividade realízase no marco do proxecto 0585_FACENDO_CAMIÑO_1_P, cofinanciado nun 75% polo Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, do que son beneficiarios a Axencia de Turismo de Galicia e a AECT.

Que na cláusula sexta se establece que o prazo os prazos para a presentación da documentación xustificativa de cada unha das fases que se prevén no propio convenio:

Primeira fase: 31 marzo 2020.

Segunda fase: 31 agosto 2020.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



Terceira fase: 15 novembro 2020.

Que o pasado 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde declarou pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19.

Que mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O estado de alarma declarado foi prorrogado co sometemento ás mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Prórrogas que alcanzaron ata o 21 de xuño de 2020.

Que a cláusula oitava do convenio asinado contempla a posibilidade de levar a cabo modificacións do mesmo que se adoptarán por acordo expreso e escrito das partes asinantes.

Que as Partes consideran necesario ampliar o prazo de entrega da documentación xustificativa relativa á terceira fase do proxecto.

Que a addenda que se pretende asinar se **fundamenta** na necesidade de modificar a cláusula sexta do convenio, relativa á xustificación e pagamento.

A referida addenda se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

